


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS




Na análise en función do xénero encontramos unha nova nota distintiva que afasta un pouco o perfil de consumo dos espectáculos de maxia do que presentaban tanto o teatro infantil como as funcións de monicreques. A proporción de homes e mulleres asistentes a espectáculos de maxia é idéntica, desaparecendo a compoñente de intensidade feminina que existía nos outros dous tipos de espectáculos.

Verifícase ademais que os homes posúen unha frecuencia de asistencia frecuente maior que a das mulleres, que é maioritariamente ocasional ou esporádica.

Táboa 43. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo intervalos de idade

Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo intervalos de idade	Intervalos de idade						Total
	15-24 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55-64 anos	65+ anos	
Máis de 6 veces ao ano	2,4%	3,2%	4,9%	0,6%	1,6%	4,6%	2,9%
Entre 2 e 6 veces ao ano	4,4%	10,8%	20,1%	8,1%	12,8%	-	11,6%
Unha vez ao ano	14,1%	14,8%	19,5%	15,3%	9,5%	21,8%	15,7%
Nunca	79,1%	71,2%	55,5%	76,0%	76,1%	73,6%	69,8%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



As analoxías co comportamento do público de teatro infantil e monicreques retornan ao observarmos o detalle de resultados en función da idade. Verifícase que son os intervalos con maior número absoluto de espectadores, o de 25 a 34 anos e o de 35 a 44 anos, os que tamén presentan unha maior porcentaxe de asistentes a espectáculos de maxia. Coinciden estes intervalos coas idades de nais e pais con fillos en idade escolar.


Independentemente diso, a porcentaxe de espectadores habituais é practicamente nula en todos os intervalos, e a maioría dos espectadores ou son regulares ou son ocasionais, sendo estes os máis numerosos.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 44. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo o nivel de estudos

Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo o nivel de estudos	Cal é o seu nivel de estudos?									Total
	Non sabe ler nin escribir / Menos de 5 anos de escolarización	Sen completar bacharelato elemental, EXB ou ESO	Bacharelato elemental EXB ou ESO completo	FPI grao medio ou oficial industrial	Bacharelato superior BUP/LOXSE COU/PREU	FP II grao superior ou mestría industrial	Diplomatura, arquitectura ou enxeñaría técnicas	Licenciatura, arquitectura ou enxeñaría superiores	Doutoramento	
> 6 veces ao ano	-	-	3,7%	2,5%	3,2%	4,2%	3,6%	2,5%	-	2,9%
2- 6 veces ao ano	-	23,2%	5,6%	-	13,3%	12,1%	17,1%	9,0%	-	11,6%
1 vez ao ano	-	15,4%	21,9%	22,4%	10,8%	13,9%	19,7%	14,7%	-	15,7%
Nunca	100,0%	61,4%	68,8%	75,0%	72,7%	69,7%	59,6%	73,8%	100,0%	69,8%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a espectáculos de maxia segundo a formación




No caso dos espectáculos de maxia non se aprecia unha tendencia crecente de consumo ou de frecuencia de asistencia co aumento do nivel de estudos cursados. Máis ben semella que, independentemente das oscilacións existentes o consumo mantense en valores similares ao longo das distintas categorías académicas.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 45. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo a relación coa actividade económica

Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo a relación coa actividade económica	Cal é a súa relación coa actividade económica?					Total
	Ocupado/a	Parado/a	Estudiante	Labores do fogar	Xubilado/a, pensionista, outra situación	
Máis de 6 veces ao ano	2,3%	6,8%	1,7%	6,4%	3,3%	2,9%
Entre 2 e 6 veces ao ano	12,8%	7,1%	4,0%	13,4%	16,7%	11,6%
Unha vez ao ano	18,8%	13,7%	8,0%	5,5%	9,5%	15,7%
Nunca	66,1%	72,4%	86,3%	74,6%	70,6%	69,8%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a espectáculos de maxia segundo a relación coa actividade económica



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Para rematar coa descrición do comportamento do público da Rede de Teatros e Auditorios en relación cos espectáculos de maxia, o cruce coa variábel situación laboral mostra unha porcentaxe de espectadores máis ou menos homoxénea, con excepción dos estudantes, nos que se ve reducida á metade.

Entre as restantes categorías salientamos unicamente o predominio da asistencia frecuente entre a poboación inactiva (persoas encargadas dos labores do fogar e xubiladas e pensionistas) e da asistencia ocasional entre a poboación activa (ocupada e parada).

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Danza

Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza



Con que frecuencia asiste a espectáculos de danza

Táboa 46. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza

Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza	Porcentaxe
Máis de 6 veces ao ano	7,5
Entre 2 e 6 veces ao ano	20,2
Unha vez ao ano	19,9
Nunca	52,5
Total	100,0

Case a metade dos individuos que compoñen o público dos espectáculos da Rede manifestan ter asistido algunha vez a espectáculos de danza. Este grupo de persoas divídese de forma desigual entre asistentes habituais, regulares e ocasionais. Os habituais só representan o 7,5%, repartíndose a partes iguais (20%) os regulares e ocasionais.


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Se comparamos a distribución de frecuencias de asistencia á danza coa súa aproximacións a unha curva normal déixase notar unha falta de asistentes ocasionais e un exceso de non asistentes, o que pode denotar a presenza dalgún obstáculo ou barreira de entrada á iniciación no xénero da danza.

Táboa 47. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo a provincia

Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo a provincia	Provincia onde ten lugar o espectáculo				Total
	Coruña, A	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Máis de 6 veces ao ano	6,6%	4,3%	14,6%	8,9%	7,5%
Entre 2 e 6 veces ao ano	21,2%	21,3%	18,1%	19,0%	20,2%
Unha vez ao ano	20,6%	18,1%	17,8%	20,0%	19,9%
Nunca	51,6%	56,3%	49,5%	52,1%	52,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a espectáculos de danza segundo a provincia



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


No caso do xénero da danza pode existir unha vacilación á hora de concibir esta arte escénica de forma extensa ou estrita. Así, por exemplo, a SGAE inclúe en danza todo o que serían danzas rexionais e populares que coloquialmente en Galicia se entenden mellor se as referimos baixo o concepto baile ou espectáculos de baile. Neste punto evitouse aplicar calquera criterio interpretativo e deixar ao libre entender de cada individuo a resposta, dado que a lonxitude do cuestionario e o tipo de entrevista telefónica non permitía nin aconsellaba deterse en explicacións.

Os resultados por provincias significan porcentaxes semellantes de asistentes totais á danza, aínda que se detecta unha maior intensidade de consumo nos espectadores do IGAEM correspondentes á provincia de Ourense e en menor medida aos de Pontevedra. Isto pode estar causado por un maior peso relativo das cidades en cada unha destas provincias no que a espazos escénicos se refire (Ourense, 1 de 4; Pontevedra, 5 de 24), xa que se intúe que este tipo de espectáculos se representa en lugares que contan con medios técnicos e público suficiente.

Táboa 48. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo

Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo	Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo			Total
	<= 20.000 hab.	20.001 a 50.000 hab.	7 Cidades	
Máis de 6 veces ao ano	3,9%	5,4%	13,7%	7,5%
Entre 2 e 6 veces ao ano	20,7%	25,5%	14,0%	20,2%
Unha vez ao ano	19,3%	17,3%	23,2%	19,9%
Nunca	56,1%	51,9%	49,1%	52,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS




Efectivamente, o cruce de resultados pola variábel hábitat, reflicte que o consumo de danza alcanza maior intensidade no ámbito urbano das 7 cidades galegas. As porcentaxes de espectadores da danza aumentan lixeiramente co tamaño da poboación dos concellos onde se representa, e en concreto, a fracción de espectadores habituais nas cidades multiplica por 2,5 e por 3,5 as que se rexistran nos dous hábitats restantes.

Táboa 49. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo o xénero

Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo o xénero	Xénero		Total
	Home	Muller	
Máis de 6 veces ao ano	7,7%	7,4%	7,5%
Entre 2 e 6 veces ao ano	17,0%	21,8%	20,2%
Unha vez ao ano	18,7%	20,5%	19,9%
Nunca	56,6%	50,3%	52,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS




De entre os homes e mulleres que compoñen o público da Rede verificase que as mulleres acoden en maior porcentaxe a espectáculos de danza (50% por 43%). Esta diferenza correspóndese case completamente cunha maior fracción de asistentes regulares, xa que en asistentes habituais e ocasionais ambos os xéneros presentan porcentaxes equivalentes.

Táboa 50. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo intervalos de idade

Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo intervalos de idade	Intervalos de idade						Total
	15-24 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55-64 anos	65+ anos	
Máis de 6 veces ao ano	3,0%	4,3%	7,8%	13,0%	4,4%	23,2%	7,5%
Entre 2 e 6 veces ao ano	22,0%	14,6%	24,7%	22,6%	13,3%	30,0%	20,2%
Unha vez ao ano	15,1%	20,1%	21,4%	16,5%	31,8%	7,7%	19,9%
Nunca	59,9%	61,0%	46,2%	47,9%	50,4%	39,1%	52,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



A análise da frecuencia de asistencia a espectáculos de danza en función da idade presenta uns resultados inéditos até o de agora neste informe. Segundo os mesmos a danza sería o único xénero no que os intervalos con maior porcentaxe de asistentes serían os que abranguen dos 35 aos 65 anos, se ben no intervalo dos 55 aos 65 anos a maioría dos asistentes se declaran ocasionais, en tanto nos outros dous intervalos predominan os frecuentes.

O intervalo con maior número de espectadores, o dos 25 aos 35 anos, así como o da mocidade presentan unha porcentaxe de asistentes inferior a calquera dos tres intervalos superiores, se ben os mozos teñen unha fracción de asistentes regulares superior ao das persoas con máis de 55 anos. (O intervalo de 65 ou máis anos non ten validez representativa.)

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Se enfocamos a nosa atención nos asistentes habituais vemos que crecen ininterrompidamente desde os mozos até os 55 anos, decaendo novamente a partir desa idade (persoas nadas a partir do 1950).

Adivíñase neste panorama unha certa identificación do xénero da danza con público urbano e de mediana idade, e intúese con base noutros estudos que pode tratarse de persoas cunha posición económica relaxada e hábitos de presenza e representación social.

Táboa 51. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo o nivel de estudos

Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo o nivel de estudos	Cal é o seu nivel de estudos?									Total
	Non sabe ler nin escribir / Menos de 5 anos de escolarización	Sen completar bacharelato elemental, EXB ou ESO	Bacharelato elemental EXB ou ESO completo	FPI grao medio ou oficiala industrial	Bacharelato superior BUP/LOXSE COU/PREU	FP II grao superior ou mestría industrial	Diplomatura, arquitectura ou enxeñería técnicas	Licenciatura, arquitectura ou enxeñería superiores	Doutoramento	
> 6 veces ao ano	-	3,5%	7,0%	17,6%	12,2%	0,9%	5,1%	8,1%	-	7,5%
2- 6 veces ao ano	74,2%	25,8%	9,5%	16,5%	16,2%	13,2%	23,4%	24,3%	-	20,2%
1 vez ao ano	-	18,6%	13,3%	11,9%	21,0%	25,3%	21,1%	20,2%	35,0%	19,9%
Nunca	25,8%	52,1%	70,2%	53,9%	50,6%	60,7%	50,4%	47,4%	65,0%	52,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



Verifícase tamén no caso da danza unha tendencia a encontrar espectadores habituais en maior proporción entre os niveis formativos de tipo medio antes que nos superiores, o que resulta coherente coas afirmacións realizadas acerca da elevada idade media das persoas que compoñen o grupo dos espectadores de danza en relación coa totalidade do público da Rede.


En cambio, se consideramos todos os asistentes, habituais, regulares e ocasionais, a idea que transloce o gráfico anterior é dun nivel máis ou menos homoxéneo de asistentes na maioría de grupos formativos.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 52. Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo a relación coa actividade económica

Frecuencia de asistencia a espectáculos de danza segundo a relación coa actividade económica	Cal é a súa relación coa actividade económica?					Total
	Ocupado/a	Parado/a	Estudante	Labores do fogar	Xubilado/a, pensionista, outra situación	
Máis de 6 veces ao ano	8,0%	4,8%	3,4%	8,5%	11,4%	7,5%
Entre 2 e 6 veces ao ano	22,1%	24,0%	13,5%	14,7%	13,9%	20,2%
Unha vez ao ano	16,7%	27,3%	15,3%	37,4%	30,8%	19,9%
Nunca	53,2%	43,9%	67,8%	39,5%	43,9%	52,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a espectáculos de danza segundo a relación coa actividade económica




Relación coa actividade económica

Os resultados en función da situación laboral oríéntanse no mesmo sentido cós anteriores. As maiores porcentaxes de asistentes encóntranse entre as categorías de poboación inactiva, se exceptuamos os estudantes, que son con diferenza os que presentan a menor proporción de consumidores deste xénero.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

A poboación activa, ocupada ou parada, presenta porcentaxes de espectadores totais inferiores ás de encargadas do fogar e xubiladas ou pensionistas. Tamén se consideramos exclusivamente os espectadores habituais. Porén, se consideramos o conxunto dos espectadores frecuentes a poboación activa presentaría porcentaxes superiores ás das persoas inactivas.

Música



Con que frecuencia asiste a actuacións musicais

Táboa 53. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais

Frecuencia de asistencia a actuacións musicais	Porcentaxe
Máis de 6 veces ao ano	33,2
Entre 2 e 6 veces ao ano	39,8
Unha vez ao ano	11,2
Nunca	15,7
Total	100,0

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

A música ou as actuacións musicais é o segundo xénero en importancia entre o público da Rede de Teatros e Auditorios. Tras o teatro en galego é o que presenta maior porcentaxe de asistentes ou espectadores, con preto dun 84% do total.

A segunda posición nas preferencias tamén se deixa notar na intensidade de consumo deste tipo de espectáculos, pois a maior fracción de asistentes reúnese baixo a categoría de regulares e non habituais, como acontecía no teatro en galego, onde a fracción máis numerosa de asistentes correspondía ás persoas que asistían ás representacións máis de 6 veces no ano.

Se restrinximos a análise aos espectadores frecuentes a porcentaxe do público da Rede que consome este xénero situaríase no 73%.

Táboa 54. Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo a provincia

Frecuencia de asistencia a actuacións musicais segundo a provincia	Provincia onde ten lugar o espectáculo				Total
	Coruña, A	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Máis de 6 veces ao ano	37,3%	27,6%	30,8%	31,6%	33,2%
Entre 2 e 6 veces ao ano	33,6%	43,2%	40,0%	44,5%	39,8%
Unha vez ao ano	10,5%	11,0%	14,2%	11,7%	11,2%
Nunca	18,6%	18,2%	15,0%	12,2%	15,7%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%